

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Aprobación definitiva da Ordenanza das condicións de acceso e utilización do viveiro de empresas de Porto do Son

Aprobación definitiva de ordenanza municipal

Ao abeiro do disposto no parágrafo no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora das condicións de acceso e utilización do viveiro municipal de empresas de Porto do Son, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

***ORDENANZA REGULADORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESO E UTILIZACIÓN DO VIVEIRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DE PORTO DO SON**

Exposición de motivos.

O Concello de Porto do Son estableceu como obxectivo fundamental para os próximos anos o estímulo das iniciativas empresariais, entendidas estas como elementos xeradores de riqueza e emprego, que contribúen ao benestar e a mellora da contorna socio- económico da nosa demarcación.

Dentro de tal política de estímulo, o “viveiro de empresas” constitúe un elemento fundamental que articula a creación de vocacións empresariais, mediante un completo proceso de formación e tutorización de emprendedores até a súa definitiva implantación no mercado.

Como paso previo á efectiva posta en marcha do viveiro, é necesario contar determinar, de forma clara, os criterios que informarán o proceso de selección dos emprendedores que finalmente accedan ao mesmo para a posta en marcha ou a consolidación do seu proxecto empresarial.

Por iso, resulta conveniente establecer tales criterios con carácter xeral mediante a súa fixación a través dunha Ordenanza municipal.

Artigo 1.-Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto establecer as normas que regularán as condicións de acceso e estancia dos emprendedores que instalen a súa empresa no Viveiro Municipal de Empresas, así como as súas obrigas e dereitos.

Artigo 2.-Contido do viveiro de empresas.

O viveiro municipal de empresas comprende un conxunto de servizos e infraestruturas a disposición dos emprendedores durante o seu período de estancia no mesmo a fin de promover a creación e desenvolvemento de empresas.

Artigo 3.-Condicións de acceso ao viveiro municipal de empresas.

1. Poderán optar aos servizos do viveiro municipal as seguintes empresas:

- Empresas novas: que comecen a súa actividade económica coa instalación no viveiro de empresas.
- Empresas de recente creación: aquelas que non excedan o tres anos de actividade económica na data de solicitude de espazo no viveiro.

2. As empresas que pretendan acceder ao viveiro de empresas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter a condición legal de empresario, é dicir, figurar dado de alta a efectos fiscais, como empresa en calquera das súas formas xurídicas.

- Ter a consideración de empresa nova ou de recente creación.

- Ter o domicilio social no termo municipal de Porto do Son e establecer o domicilio da actividade no Viveiro Municipal de Empresas.

Non desenvolver actividades insalubres, nocivas ou perigosas

Artigo 4.- Procedemento de avaliación das solicitudes de acceso ao viveiro de empresas.

1.-Os emprendedores deberán presentar a solicitude de acceso ao viveiro municipal de empresas no impreso normalizado. Coa solicitude achegarase a seguinte documentación, referida tanto ao emprendedor como aos eventuais socios, partícipes ou integrantes do negocio:

- Memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver.
- Fotocopia do D.N.I.
- Currículo vitae.
- Vida laboral.

A solicitude soamente poderá estar subscrita por un emprendedor, que será quen asuma fronte ao Concello de Porto do Son o réxime de dereitos e obrigas derivados desta ordenanza.

No entanto, o emprendedor poderá incluír no seu proxecto outros socios, partícipes ou integrantes do negocio, que deberán ser perfectamente identificados. No caso de resultar seleccionado o proxecto, os socios ou partícipes no negocio deberán asinar o contrato de cesión do uso xunto co emprendedor principal en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigacións e deberes.

Para facilitar a elaboración da memoria a Concellaría competente en materia de promoción económica elaborará un modelo de Memoria orientativo. Non obstante, os interesados poderán engadir, achegar ou cumprimentar calquera documento, plano, bosquejo ou semellante que consideren oportuno e que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

2.-A comisión de selección constituída para ese efecto, realizará, para cada un dos proxectos empresariais, un informe valorativo sobre a súa idoneidade, tomando en consideración os criterios establecidos no artigo 5 e realizará unha proposta que comprenda os proxectos que, segundo o seu criterio, reúnan os mellores perfís de idoneidade para acceder ao viveiro de empresas.

A comisión de selección poderá solicitar calquera outra documentación que considere de interese para a mellor avaliación dos proxectos empresariais que se presenten.

3.-A aprobación definitiva dos proxectos empresariais que accedan ao Viveiro de Empresas será realizada pola Xunta de Goberno Local.

4.-Cando os proxectos seleccionados non chegasen a ocupar a totalidade dos locais do viveiro, a comisión de selección poderá realizarse unha nova proposta sobre a base daqueles proxectos que non resultaran inicialmente propostos para a súa aprobación. Todo iso sen prexuízo da potestade do Concello de Porto do Son de renunciar á avaliación de novos proxectos empresariais.

5.-Os emprendedores cuxos proxectos resultasen aprobados formalizarán un contrato de cesión de uso temporal co Concello de Porto do Son no que se detallarán os dereitos e deberes de ambas as partes durante o período de estancia no viveiro.

Artigo 5.- Criterios de avaliación das solicitudes.

1.-A selección dos proxectos que accedan ao viveiro municipal de empresas efectuarase de conformidade cos seguintes criterios:

- a) Forma xurídica do proxecto empresarial, dando prioridade ás sociedades cooperativas, comunidades de bens e autónomos.
- b) Recursos con que contan os emprendedores para o comezo da actividade empresarial.
- c) Capacidade xeradora de emprego.
- d) Características innovadoras da actividade empresarial a desenvolver, valorándose especialmente que atenda necesidades non cubertas polo mercado e/ou se inclúa nos denominados "novos xacementos de emprego".
- e) Emprendedores que pertencen a un colectivo con especial dificultade de inserción no mercado laboral, concretamente: mozos menores de 30 anos, mulleres, maiores de 45 anos e desempregados de longa duración.
- f) Participantes de programas de escolas taller, obradoiros de emprego ou casas de oficios.

A apreciación dos criterios de avaliación realizarase de forma conxunta, atendendo ao seu maior ou menor concorrencia globalmente considerados, sen que exista ningún grao de prelación entre os mesmos, e realizándose un proceso de avaliación de acordo coa baremación detallada no Anexo 1 desta ordenanza.

2.-A comisión de selección elaborará un informe valorativo do proxecto empresarial no que, ademais dos criterios de avaliación das solicitudes, se analicen, entre outros, os aspectos relativos a:

- Viabilidade da iniciativa.
- Nivel de creación de emprego.
- Carácter innovador do proxecto.
- Medios financeiros e materiais con que conten os emprendedores.
- Experiencia previa e formación dos emprendedores.

Artigo 6.-Composición da comisión de selección.

1.-A Comisión de Selección estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son ou concelleiro no que delegue.
- Vicepresidente: Concelleiro competente en materia de promoción económica e emprego ou persoa en quen esta delegue.
- O axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Porto do Son.
- Un representante da Asociación de Empresarios de Porto do Son.
- Secretario: o do Concello de Porto do Son ou empregado municipal no que delegue.

2.-Compételle á comisión de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, a xestión de todas as incidencias e asuntos relacionados co procedemento de selección dos proxectos empresariais para o viveiro de empresas.

Á comisión de selección corresponderalle o traslado aos emprendedores do resultado da deliberación en caso de resultar elixidos como beneficiarios para de poderse situar nas instalacións do viveiro municipal de empresas, así como as indicacións, instrucións ou recomendacións necesarias para o bo funcionamento do viveiro de empresas.

Artigo 7.-Prazo de estancia.

Os emprendedores seleccionados estableceranse no viveiro de empresas municipal por un período de dous anos, transcorrido o cal deberá abandonar o viveiro sen necesidade de requirimento ningún.

Artigo 8.-Modalidade da estancia.

Cos emprendedores seleccionados para o seu ingreso no viveiro de empresas formalizarase un contrato de cesión do uso da oficina ou despacho que lle fose asignada.

O contrato terá unha duración de dous anos, extinguíndose automaticamente logo do transcurso do seu prazo.

Artigo 9.-Réxime de estancia.

1.-Á firma do contrato, o emprendedor tomará posesión da oficina que lle sexa asignada, a cuxo efecto se lle fará entrega dun xogo de chaves.

2.-Uso do viveiro.

O emprendedor non poderá modificar o destino para o que lle foi outorgada a oficina e, por tanto, non poderá utilizalo para actividades distintas das normais da produción e do tráfico mercantil para as que se formalizou o contrato.

Esta obriga supón a efectiva realización das tarefas de produción ou prestación de servizos de forma continua e permanente. Considerarase que non cumpre esta obriga cando o despacho permaneza sen actividade durante máis de 30 días naturais por causa imputable ao emprendedor.

Así mesmo, o emprendedor obrígase expresamente a obter cantas licenzas, autorizacións ou permisos sexan necesarios para o desenvolvemento da súa actividade empresarial.

Unha vez materializouse o ingreso no viveiro de empresas, o emprendedor non poderá modificar a súa actividade agás no caso de que o Concello de Porto do Son, de xeito motivado, o autorice.

3.-Conservación e prohibición de disposición.

O emprendedor está obrigado a manter a súa oficina e o resto de instalacións do viveiro de empresas en perfecto estado de conservación, aseo, e limpeza, sendo responsable persoal e directo dos danos que se ocasionasen polas causas que lle fosen imputables.

Se, debido ás específicas necesidades do seu proxecto empresarial, o emprendedor necesitase instalar no viveiro calquera ben moble ou dispositivo técnico, deberá solicitar a autorización previa do Concello de Porto do Son.

Prohíbese expresamente o subarrendamento ou a cesión da oficina, en parte ou na súa totalidade, por calquera título.

4.-Se, unha vez iniciada a actividade empresarial, circunstancias sobrevidas determinasen a inviabilidade técnica, económica, financeira ou comercial da empresa, o emprendedor poderá solicitar a resolución do contrato ao Concello de Porto do Son.

5.-Serán por conta do emprendedor os gastos das subministracións (teléfono, luz, auga, etc) que resulte necesarias para o desenvolvemento da súa actividade, os tributos, arbitrios, e exaccións correspondentes ao negocio ou que se imponan por razón do mesmo e calquera outros que se deriven da actividade empresarial.

6.-O horario de apertura do viveiro de empresas será o seguinte:

De luns a venres, de 8.00 horas da mañá a 22.00 horas da noite.

Sábados, de 8.00 horas da mañá a 15.00 horas da tarde.

Excepcionalmente, poderase autorizar a estancia fóra de tal horario, previa petición por escrito ao concello, que resolverá o procedente. Para o caso de acceder á ampliación, imporase ao emprendedor un procedemento de control de entradas e saídas, así como un réxime concreto de responsabilidade para evitar un uso incorrecto das instalacións.

7.-Cada emprendedor será responsable único dos danos e prexuízos que puidese ocasionar a persoas ou bens como consecuencia do negocio instalado no Viveiro Municipal de Empresas, eximindo ao Concello de Porto do Son de toda responsabilidade ao efecto.

Así mesmo, o emprendedor tamén será responsable persoal e directo, con independencia da forma xurídica escollida para o desenvolvemento da súa actividade empresarial, de todos os danos e prexuízos que causen nas instalacións e bens do Viveiro de Empresas. En caso de existir socios, participantes ou integrantes do negocio a responsabilidade dos mesmos será solidaria.

Artigo 10.-Causas de resolución do contrato.

Serán causas de resolución do contrato as seguintes:

- Non iniciar a actividade no prazo convido.
- O cesamento da actividade.
- O peche da oficina por causa imputable ao promotor durante máis de 30 días sen causa xustificada.
- A falta de pagamento, durante dúas mensuralidades consecutivas, da cota de arrendamento.
- O incumprimento grave das obrigas detalladas na presente ordenanza.
- O subarrendamento ou a cesión por calquera título da oficina.
- A instalación no Viveiro de aparellos, dispositivos ou elementos que non fosen autorizados previamente autorizados.
- O uso indebido da oficina e das restantes instalacións do viveiro de empresas para outros fins diferentes do exercicio da actividade empresarial.
- Calquera outro tipo de acción maliciosa ou negligente que cause danos a persoas ou bens.

ANEXO 1.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

I. BAREMACIÓN DO PERFIL DO EMPRENDEDOR.

A) Formación.

- Formación regulada relacionada coa actividade a desenvolver: 1,5 puntos.
- Tratándose de persoas que participasen en obradoiros de emprego, casas de oficios ou escolas taller, ou outra formación non regulada, computaranse 0,5 puntos por cada 100 horas de formación, ata un máximo de 1,5 puntos.

B) Experiencia laboral.

- Relacionada coa actividade a desenvolver: 0,5 puntos por cada 180 días, ata un máximo de 2,5 puntos.

C) Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

- Mozo menor de 35 anos: 0,5 puntos

- Maior de 45 anos: 0,5 puntos.
- Persoa con discapacidade igual ou maior do 33%: 0.5 puntos.
- Nos supostos anteriores, se o solicitante é desempregado de longa duración: 0.5 puntos.
- Nos tres primeiros supostos, se o solicitante é muller: 0,5 puntos.

D) Puntuación máxima total: 7 puntos

II. BAREMACIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL.

A) Modalidade xurídica da empresa.

- Sociedade limitada laboral, sociedade anónima laboral, sociedade limitada e sociedade limitada nova empresa: 1 punto.
- Sociedades cooperativas: 2,5 puntos.
- Comunidades de bens: 2 puntos.
- Traballadores autónomos: 1 punto.
- Nos supostos anteriores, se máis da metade do capital social pertence a mulleres: 0,5 puntos.

B) Contratación de traballadores.

- Creación de postos de traballo indefinidos ou por un período superior a 1 ano, a xornada completa: 0,5 puntos por posto creado ata un máximo de 2,5 puntos.
- No suposto anterior, por cada muller contratada: 0,25 puntos adicionais ata un máximo de 1,25 puntos.
- Cando se contratase a traballadores que participasen en programas de formación do Concello de Porto do Son, a puntuación total incrementarase 1 punto.
- Carácter innovador, ambiental e Implantación de novas tecnoloxías 0,5 puntos.

C) Puntuación máxima total: 7 puntos.

III. PROXECTO EMPRESARIAL.

A consideración do proxecto empresarial, de acordo coa memoria descritiva da actividade, valorarase cun máximo de 7 puntos."

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso- administrativo, perante a Sala do Contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Porto do Son, 8 de xullo de 2013.

O alcalde-presidente

Asdo.: José Luis Oujo Pouso

2013/9072